A Voz do Condado

VOCEIRO DA XUNTA DE VECIÑOS DO CONDADO

ANO II — FEBEREIRO 1978 — N.º 3 — 3 Pesos

Editorial

Por terceira vez, chegamos a os nosos leutores pra cumprir ista laboura que nos impuxemos é que está sendo ben acollida polo pobo, cousa que nos pon na obriga de seguir loitando contra o caciquismo. Quixeramos que os nosos traballos foran interpretados tal e como e a nosa intención, quede ben craro, que non temos animosidáde contra ninguen de maneira persoal, as denuncias que facemos son contra aqueles que se benefician a si mesmos perxudicando a toda colectividade. Si pomos os seus nomes e pra que non haixa dubidas con persoas que cumpren co seu deber, si decimos casos concretos é pra que calisquera poida investigar a verdade.

Sentimos moito que se sintan molestas algunhas persoas da familia dos criticados, por outra banda pensamos que é a unica maneira de acabar cuas herencias caciquiles, o noso degoro seria que os familiares e amigos destas entes nefastas os axudaran a reconsiderar sobor do seu pasado, dempois do examen de concencia que lle axuden a entonar un «mea culpa» pra xa, presentar a sua dimisión uns e cumplir co seu deber os outros. Polo de agora temos a decir que dispomos de moita información que causa delor facela, porque quixeramos que non hubera acontecido, e moito nos doi que sigan acontecendo asoballamentos o pobo polos caciques que non queren deixar de selos. A nosa postura é implacable, non lle perdonaremos a ninguen e faremos pubricas as suas fechorias, non nos poñen medo ameazas de ninguen ni de ningunha cras, temos o pobo honrado connosco é os caciques escomenzan a tambalearse, temos informadores en todolos barrios e os duendes metense en todolos organismos oficiales pra decirnos canto pasou e está pasando. Resulta paradoxico que siñificados caciques se dirixan a o noso voceiro dandonos información de outros cacixques que nun tempo iban ben dacordo todos, pensamos que estes de paso que miran o lixo no ollo alleo, pertenden que lle saquemos a viga do seu proprio ollo sin facerlle moita ferida, de todolos xeitos decimoslle que estamos dispostos a que colaboren connosco pra acabar coa corrupción.

Quixeramos que chegara un tempo que non tuveramos que por criticas de caciques, de asoballadores e estafadores do pobo, que o noso voceiro fora portavoz de loubanzas e de cultura, ese é o noso empeño, esa é a laboura que se impuxo un grupo de xente que cada dia multiplicase abranquendo simpatizantes por miles. Seguiremos cada dia con mais forza hastra conquerir: Os montes comunales, un ensino axeitado dende cada parroquia hastra a Universidade, unha atención sanitaria como corresponde, unhas xubilacions diñas é sin favoritismos, un desenrolo na agricultura e gandeiria, industrialización cabal e acorde cos nosos recursos, que acabe pra sempre a emigración forzada e a explotación.

Ergueivos

ERGUEIVOS GALEGOS
QUE ROMPEU A ALBA,
E CANTAN NOS EIDOS
A NOVA ALBORADA.

XA ROSMA O CACIQUE
XA ESTA DESCONFIADO,
QUE LLE CANTEN AS CORENTA
NA VOZ DO CONDADO:

DN. MANUEL MARIÑO

modelo pra un alcalde

Dn. Manuel Mariño naceu o dia dous de Febreiro de 1.872, — fixo 106 anos.

Iste home foi alcalde por duas veces do Axuntamento de Salvaterra, a derradeira finaria no seu cargo cando as iras fascistas derom o golpe. O alcalde Mariño salvou a vida fuxindo dende que entregou o Teniente de Carabineros a alcaldia o dia 25 de Xulio de 1.936. Asi, por ter sido alcalde elexido polo pobo e cumplidor do seu deber foi perseguido a morte. A sua preocupación era ser util a sociedá en que vivia, sin asoballar a ninguen e procurando que ninguen fose asoballado. Con esta ideoloxia de home de ben, Manuel Mariño deixou o axuntamento, a sua casa e a sua terra, io que peor, a sua familia nunhas condicions humillantes ante o barbarismo ideoloxico de certos mandarins é o cinismo dos caciquiños da parroquia.

Mariño estuvo escondido en varios lugares, Curras-Leirado. Na casa de Alfonso de Fernando en Fontoura. Nin os de ideoloxia contraria que o conocian se astrevian a facerlle mal dada a sua honradez, pro o perigro era cada dia mais grave, buscabo Victor Lis, matón de Pontevedra, e a morte era segura. Escapouse por pouco levando o Arturito Queimadelos nunha piragua a Portugal, donde foi detido por un guardiña e levado a carcel de Monzóm donde estuvo un mes.

Pasa a páxina 6

A EMIGRACION

Os Galegos emigramos por necesidade

Toda persoa humana ten unhas necesidades que aspira a satisfacer co producto de seu traballo. Algunhas destas necesidades son de caracter individual, outras son de caracter colectivo.

Pra satisfacer unhas e outras necesitase medios, pois do ceo non cae nada. As necesidades individuales, tal como, o comer, o vestir, etc. tenas que cubrir con medios económicos que saca do seu traballo. As necesidades sociales, como o ensino, a saude, a cultura, o urbanismo, etc. é o Estado ou o Municipio quen ten a obriga de facilitalas e poñelas a disposición da comunidade. Pra iso se pagan os impostos, que é unha parte do traballo que o Estado ou o Municipio nos quita.

Pra que isto sexa asi, e preciso unha orgaización social que responda adecuadamente a demanda que a colectividade fai pra cubir as necesidades que ten como tal; e no orden productivo, unha orgaización en que cada persoa ou familia teña o necesario pra levar unha vida digna.

Si unha persoa vive nun medio en que non lle é posible cubrir as suas necesidades dun xeito normal, ben porque non ten traballo, ben porque non gaña o suficiente, ou ben por-

Pasa a páxina 6

ANTONIO SOTO CAMPOS

O ARREPENTIDO

hestoria de unha alcadia

O Axuntamento de As Neves estuvo moitos anos dirixido polo alcalde Salvador Alonso. Iste gran cacique, de carauter serio, hitleriano, chegou a ter sona de home de moito mando chegando a decir alguns dos seus ademiradores que si quixera iba pra menistro, pero, o Salvador apatuou e quedouse en cacique vitalicio. Naqueles tempos que tudo era engaño pro pobo, nas parroquias do axuntamento de As Neves fixeronse casiñas pra escolas que eran inauguradas polo Gobernador Civil con moita alegria e gran festa.

Pasa a páxina 2

AS GRANXAS DE LINARES

Os veciños xa avisaron como se debe facer, pro paresce ser que a leicion habera que facela de outra mañeira

HESTORIA

Dende fai alguns anos, no axuntamento de As Neves e concretamente na parroquia de Tortoreos na sua estrema con Liñares, moi perto das casas i en terreo comunal, conquerido non se sabe como nin de que xeito, montaronse unhas granxas de polos. Fai dous anos e pico pra eiqui e a dous ou tres centos metros distas, fixeronse outras de porcos seguindo o mesmo sistema das primeiras.

A os poucos dias de funcionamento, con os pirmeiros dias de calor, no mes de abril, os veciños de Liñares escomenzaron a manifestar a sua repulsa na contra dos cheiros que padescian, que era tan nauseabundo que hastra lles entraba pra dentro das casas.

Fixose unha carta de protesta, a cal firmada pola maioria dos veciños de Liñares e Tortoreos, foi entregada no Axuntamento.

Todo isto foi polvora mollada, o Concello, co seu Alcalde (Antonio Soto) ao frente, nin siquera se diñou a contestar iste escrito.

Namentras se esperaba ista contestación, chegou a forza do vran.

Movidos por os pirmeiros emigrantes que chegaban de vacacions (Razón tiñan aqueles que se perguntaban porqué non aparescian nas mesas eletorais os xa famosos votos dos emigrantes) escomenzouse a remover outra vez o asunto, pois canto mais calor facia mais grande era o cheiro.

Vendo que o pirmeiro escrito non servira de ren, fixose outro pro ista ves por medio de un abogado, firmado como a denanterior, acompañado de fotos nas que se podia ver a cantidade de basura que se amontonaba nunha vagoada do chan, e alguns porcos mortos en periodo de descomposición e tirados por alí sin tan siquera ter unha palada de terra enriba. Dirixiuse iste escrito o Axuntamento, o Delegado Provincial de Sanidade e o Gobernador Civil.

A os poucos dias respostou o Axuntamento, decindo que todo estaba a funcionar sin ningún tipo de autorización, e acompañaba unha copia coa orden de fechar ditas granxas. Pouco dempois o Delegado de Sanidade aconsellaba ao Gobernador Civil a sua clausura; pro cal seria a sorpresa de todos nós cando vimos que todo continuaba a ser o mesmo.

Trouxose un notario pra que dise fé de todo aquilo, e mirase que todo seguia a funcionar como antes; entón poidemos ver que o tipo aproveitaba o esterco pra botar no terreo comprendido entre as granxas de porcos e de galiñas, coubas e erba.

COMENTARIO

Como supoñemos que haberá moita xente que non lle quepa na cabeza que dempois de todo isto, sigan abertas as granxas, imoslle a dar unha pequena expricación:

O propietario e membro da «COOPERATIVA» Avigán (que os socios non teñen a culpa) a cal defende uns intreses moi concretos que non son os dos asociados pro son os dos inversores, que xa todos sabemos quenes son.

Temos que engadir que os Axuntamentos siguen nas mans de catro chupóns e o mesmo pasa co Goberno Civil.

NOTICIA

O derradeiro 8 de xaneiro, tres ou catrocentos veciños das parroquias ocuparon o debandito terreo roubado ao Pobo. Istes veciños com unhas poucas cabezas de gando que ainda poden manter, pois de todos e coñocida a falla de pastos (dende que nos roubaron os mellores terreos pra plantar eucaliptos), presentouse alí as tres da tarde. As catro e media, mais ou menos, chegou a «Guardia Civil» 10 numaros e un Xarxento todos iles coa metrelleta na man como se foram a comer o mundo, e viña con iles o dono das granxas?.

Vendo que a xente non se amedrentava, adicoronse a coller nomes de alguns dos venciños mentras os outros lles gritaban: «Fora de eiqui, vos non tendes nada que pintar eiquí, isto e noso», foi cando un dos venciños lle preguntou o sarxento: «Vostede que fai eiquí si isto e dos veciños», enton o tipo dixo que habia unha denuncia de D. JACINTO ARAUJO SIMON e que soio estaba ali pra informar. Entón os veciños gritaronlle si estaba a favor do Cacique ou do pobo i él contestou que xa tomara notas e que podianse marchar pra casa os veciños pois daria parte a os seus Superiores. Os veciños seguiron alí e puxeronse de acordo en voltar ao domingo seguinte.

As nove da noite foron chamados a declarar, ao cuartel, os seguintes veciños: Manuel Ubeira, Jacinto Alonso, Aquilino Aballe, Verisimo (cura de Tortoreos), Jaime Ubeira e Vitoriano Aballe.

O domingo 15 de xaneiro volveu a ser ocupado iste terreo, pro ista ves eran as «Forzas do Orden», guardia civil e policia armada, as que facian a ocupación.

Istas forzas represivas montaron guardia por todas as entradas dos camiños que conducian o debandito lugar, e por alí non deixaban circular a ninguen.

Os que hastra alí nos acercamos, foronnos pedidos todo tipo de documentación e fomos conminados, baixo ameazas a deseparecer do lugar, incluso o sarxento da «Benemerita» golpeou o «Chasco» e deulle uns bons empuxons a unha muller dempois de insultala. Ou seña aquilo parescia un asalto e iles os asaltantes.

NOTA DA REDAICION

Veciños de Tortoreos e Liñares, temos que honrar a vosa loita e decirvos que o pobo sabe ben as craras quen ten razón, e por moito que o Jacinto lle teña dado ceas e feitos regaliños as suas amistades, i éstas teñan movido no seu favor a esas «forzas» que todos sabemos de que lado están, non vai a sair coa sua, e terá que ir non soio eliminando os cheiros, senon que támen terá que desmontar unhas granxas construidas elegalmente e roubando uns terreos que soio o pobo lle pertenecen. Se non llas fan quitar iles, xa entre todos nos arranxaremos pra que unha mañan non haiba nada.

A seguir loitando e a recuperar o que nos roubaron.

Os terreos do Pobo soio o Pobo lle pertenecen.

ANTONIO SOTO CAMPOS
O ARREPENTIDO
hestoria de unha alcaldia

Cada escola que se inauguraba o Salvador facia un gran negocio, metia uns miles de pesos o bolsillo por unha obra que pagaba o pobo, o ensino seguiu sendo unha verdadeira pena, as escolas velahí estan, o pobo non pode facer uso delas e xa estuveron sentenciadas a venta, o Salvador fixose rico, despota e cacique.

Despois pasarian pola alcaldia alguns como o Cuntín, que ainda que participaron en algunhas cacicadas foi a escorregar. Un dos que se fixo ver, foi o Waldo, engañou o pobo-fixoas gordas — e foise de alcalde saindo pola porta grande. En Vigo esperabao un posto — con enchufe — nun organismo oficial, ben pagado é pouco comprometido, deixandolle tempo libre pra atender a teta de As Neves que non a soltou de todo. Cos cartos que roubou na alcaldia colleu o trapaso da Sala de Festas Discoteca GALAXIA de Vigo, un gran negocio. Xa se ve a elevada moral de este ex-alcalde. Antonio Soto Campos, chegou o posto de alcalde cua dimisión de Waldito, el xa sabia dos manexos do Axuntamento pola sua condición de concellal e ser de sempre moi relacionado cuas cousas de As Neves.

Antonio de Campos — como se lle chama decote — naceu na parroquia de Tortoreos, do seo de unha familia rica e sempre se lle notaria a infruencia dos bos pañales da Casa de Campos, moi conocida e temida na bisbarra, pois era, nin mais nin menos, donde se recaudaba a Contribución, medio polo cual os seus antergos chegaron a facerse donos de boas terras de labranza e montes, ademais de moitos miles de pesos dos de antes. O traballo da labranza era feito por criados e xornaleiros daqueles que comiam pouco e cobraban menos, asi na casa de Campos todos eran señoritos, e como tal no ano 36 vestiron a camisa azul co yugo y las flechas sendo alevins do médico Gabino que daba ordes severas .Chegou o dia en que Toñito entrou en quintas e alá se foi a mili, cheo de vicio pola ociosidá e de valentia polas siglas de las JONS. Como fillo de casa bem foi enchufado e destinado a un destacamento donde facia o que lle petaba. Daquela estaba a Guerra Mundial no seu maior estrondo e o mercado do wolfrán en Galicia produciu regos de diñeiro e de vicios en todalas bisbarras que aparecia dito mineral. O goberno Español facia que controlaba, e destacaba forzas militares alí donde lle parecia. A un de estes lugares foi destinado Antonio de Campos, donde unha noite, el e os compañeiros asaltaron as oficinas matando a guardia e roubando o diñeiro que habia, dito en termos xudiciales: assalto a mano armada con resultado de muerte.

O delito foi descuberto rapidamente e xurgados os delincuentes, a todos lle foi apricada a pena de morte, a Toñito de Campos uns anos de presidio salvandolle a vida a infruencia clerical, os ochenta mil pesos da Casa de Campos e a miragrosa camisa azul, que axudou a tapar esta e mais outra falcatruada que aconteceu na familia Campos. En pago seguiron sempre fideles os ideales falangistas que tanto ben lle fixeran e lle seguiron facendo.

Despois da condena cumprida, o Antonio chegou a sua terra como unha dama de familia vergonzante, é segun rumores cua documentatión do infelix que mataron no seu canto, el oficialmente estaba morto. Se isto aconteceu, pasado un tempo pasou a ser quen é, — é quen era antes da morte trucada — cos seus papeles en regla. Coma moitos outros, o Antonio un bo dia apareceu co tiduo de praiticante, e tamen como moito outros enchufado nun axuntamento con pouco mais de obligación ca de cobrar o fin de mes. Asi foi tirando e hastra chegou a deixar o destiño no axuntamento de Creciente pra emigrar, chegou a rumorearse que en Francia estaba afiliado o Partido Comunista, pero hai outra versión que dice que se facia pasar por tal pra coñecer os pasos dos emigrados que

Pasa a páxina 5

Galicia posta en pe

Fai uns meses unha organización parroquial segou polo pé uns tres mil eucalitros no Monte San do Medio. Os veciños de Uma xa levan un par de anos loitando tamen contra esta praga que lle chantaron hastra dediante das suas portas, unha parte foi arrincada cando lla plantaron, é Proullasa — filial de Icona, de Celulosas e do Banco Mundial, centro receptor do diñeiro das multinacionales — denuncious o xurgado de Pontareas donde levan celebrado varios xuicios, no derradeiro un veciño de Uma foi condenado a unha multa de tres mil pesetas.

Temos noticias que por todo Galicia estase loitando contra a praga eucalitral, recentemente en Guláns a parroquia unida fixo unha corta de 20.000 eucalitros no monte da sua propiedá e que os caciques lle tiñan dado a unha de eses monopolios que ven a explotarnos, a mandar os galegos a emigración e a facernos esteril a nosa terra. Nos montes do Paradanta os eucalitros plantados contase por millons, o mesmo acontece por toda Galicia.

Galegos, chegou a hora de porlle coto os ladrons e asoballadores de Galicia, chegou a hora de que seamos donos da nosa terra, pra traballar e pra engrandecer, pra disfrutar das suas riquezas, pra recuperar a nosa cultura en todolos sensos, chegou a hora de facerlle frente os caciques que por iñorantes son dirixidos como marionetas dende lonxanas distancias que nin eles mesmos se dan conta.

Galegos, chegou a hora da nosa revolución, fagamola con intelixencia, con irmandá, unamonos pra tudo aquilo que sea construir un futuro social, economico é cultural, unamonos pra destruir o caciquismo, a colonización e o poder oligarca.

A revolución, de feito empezou, ahí esta a mostra, eses miles de eucalitros no chan e os que prouximamente cairan son a queixa moi xustificada dos labregos asoballados, son tamen a obra de biologos, inxerñieiros e outros licenciados galegos que aman a sua patria e non permiten que chegue a total degradación.

Galegos, perdamos o medo e recuperemos a nosa verdadeira identidade, que o noso desenrolo se vexa favorecido mutuamente pola asociacion de organismos i especies autoctonas nas que Galicia é inmensamente rica. Non nos deixemos engañar polos listos, non permitamos que lle cambien a faciana a nosa terra, esmagando tudo canto temos pra explotarnos como a un pais terceiro-mundiista.

A revolución empezou, está ahí, seamos intelixentes pra sair vitoriosos, non fagamos grupos, non clasifiquemos, a guerra industrial a que pretenden someternos mataranos lentamente a nos, a nosa terra, a nosa auga e o noso aire.

Xunquete a revolución con valentia e o teu berro de: GALEGO, SOIO GALEGO.

BREOGAN

A SAUDE

Dereito fundamental da persoa human ouxetivos primarios pra alcanzar a saude

Entendese por SAUDE o estado completo de benestar, fisico, mental e social, e non soio a ausencia de enfermedade. Si Saude non é soi a ausencia de enfermedade senon a conquista da plenitude do home e das coletividades, é polo tanto responsabilidade de todos nós conquerilo, e non soio en función dos médicos e dos traballadores sanitarios, nin dos gobernantes. Conleva un esforzo creador, imaxinativo e revolucionario, pra conquerir a transformación profunda da nosa Nación Galega, que permita a plenitude das persoas e da coleitividade concreta.

O dereito a Saude é un dereito fundamental da persoa human e polo tanto é obriga da Nazón Galega e do Estado garantizar o mantenimento e o incremento da saude individual e coletiva á totalidade dos cidadáns, sin nigun tipo de discriminación socioeconomica, edade ou sexo. En congruencia con este principio o fundamento da politica sanitaria debe ser a saude do ser human. Cando fracasa e acontece a enfermedade ésta debe ser curada e reparada pra rescatar o home enfermo e voltalo de novo a sociedade da maneira mais completa.

A saude é en sí mesma un ouxetivo a conquerir e represenla unha das manifestacións mais importantes do progreso social. Eisiste unha crara e reciproca relación, entre o desenrolo socio-económico e o nivel de Saude dos Pobos. Por iso e basico analizar e demostrar pra que sirve e a quen sirve na realidade o chamado e tan cacarexado desenrolo económico-social. Si dito desenorlo está encadrado nun sistema económico, cuio motor primordial é a acumulación de bens e o enriquecimento duns poucos a traverso dunha competencia despiadada, e de unha esplotación de unha maioria da poboación, dito sistema e o seu desenrolo económico e social está enfermo e como tal a Saude plena tampouco e posibel, e polo tanto tamen estamos enfermos.

Cales son os ouxetivos primarios polos que debemos loitar os Galegos pra conquerir unha adecuada Saude?

A) Millorar a nosa calidade de vida:

Pra elo temos que conquerir que Galicia como nación e en especial as zoas rurales, e concretamente a bisbarra do Condado, sufra un proceso de transformación socio-económico que sirva a os intreses do pobo e non duns poucos caciques e capitalistas. Temos que loitar contra a esplotación colonial e o subdesenrolo que sufrimos pra conquerir unhas millores rentas económicas que nos permitan unha calidade de vida mais plena e saudable; é doado decatarse e comprender como con pouco diñeiro: cómese mal, o corpo estará debil e polo tanto padecerá enfermedades facilmente.

Os vestidos son inadecuados.

As nosas vivendas son deficientes, húmedas e frias, polo que é moito mais doado enfermar dos bronquios, reuma...

Os servicios púbricos son escasos e deficientes.

A auga que bebemos non sempre é potable e polo tanto é fonte de enfermedades como tifús, gastroenteritis...

Non hai canalización de auga corriente.

A eliminación das augas residuales e das basuras e inadecuada favorecendo a propagación das enfermedades.

Os alimentos que comemos moitas veces deixan moito que desexar en calidade e saneamento.

Pro é importante que non non deixemos engañar con promesas de desenrolo socioeconómico de calquer tipo. E coasi seguro que nos queiran seguir esplotando i engañando. Temos que vixiar que dito desenrolo económico garantice unha calidade de vida inmillorable i evitar que por outra banda creennos *mais factores ou posibilidades de riscos* pra nosa vida e saude. Non nos deiemos engañar por unhas migallas de pan.

Non se pode permitir que se creen industrias insalubres ou contamiñantes destruindo as riquezas naturaes da zoa, ou que fagan perigrar direitamente o noso corpo. (Nucreares, celulosas etc. etc.).

Pasa a páxina 5

SALVATERRA · a chamada Casa Sindical, e nosa

Cando corria o ano 1.921, os emigrados do Axuntamento de Salvaterra na Arxentina, xunquianse nun café-bar cando tiñan libre, e alí fundaron a «UNION PROGRESSISTA DEL DISTRITO DE SALVATIERRA» pra combatir o caciquismo en Galicia, aquela inesquecibel data do 14 de Agosto do referido ano deberian a sua patria como demostraron o donarlle un edificio pra fins cooperativistas a os seus irmans que quedaran na terra nai. Daqueles homes moitos morreron é algun matarono, pra todos a nosa lembranza agarimosa.

A finalidade de estes homes, era irmán da que nos nos impuxemos agora, olitar contra os caciques que tanto mal fixeron e estan facendo. Daquela, a Casa do Pobo de Salvaterra, era pra que os labregos se xunguiran, pra que tomaran acordos e levaran a cabo unha milloria no seu sistema de vida sempre tan aldraxada polos caciques e polo clero. Temos que destacar no noso Voceiro, que todolos galegos na Arxentina foron simpatizantes de esta obra aportando a sua axuda economica, loxicamente, os do Axuntamento foron os que mais aportaron pondose a cabeza un que fixo o primeiro deposito de diñeiro e que seria o Presidente chamado Manuel Puente de Oleiros, vicepresidente Francisco Ojea Aldir, gran entusiasta e socio n.º un natural de Arxen. Segredarios, José Pereira e Manuel Pereira de Oleiros, tesorero, Mariano Rodriguez, de Oleiros. Prosegredario, José Dominguez de Corzáns (iste home seria fusilado no ano 36 cando se desataron as iras fascistas, o seu delito foi contribuir a fundación que nos ocupa é ser noble de condición) socios fundadores, Manuel Souto da parroquia de Salvaterra, José Gonzalez Fernandez que vive no barrio da Regueira da parroquia de Oleiros, iste home foi o que fixo os planos que cando un socio llos amostrou a un arquiteuto arxentino, respostoulle que estaban mais ca ben, é que se via foran feitos por un profesional, o que foran feitos con gran amor por un emigrado que traballaba de cociñeiro e alternaba o ensino adeprendendo Xeometia e trigonometria na «Escuela Industrial de la Nación Argentina. Sigue a lista de socios, José Gonzalez Gonzalez de San Paio de Fiolledo, Constante Alonso (Carambolo) de Meder, Clemente Gonzalez, do Couto de Salvaterra, Manuel Rodrigues (Camilo), de Oleiros, Enrique Pazos Molares e António Hidalgo da parroquia de Salvaterra.

Todos os aqui nomeados e os que participaron de calquer xeito en obra tan cabal, merecian unha loubanza moito mais grande, nos facemoslla co mais grande respeito e ademiración, sirva logo pra eles, de oda musical e poetica, e pros que fixeron a apropiación indebida de aviso que chegou a hora de restituirlle o que é seu o seu dono.

Esa casa que lle foi roubada os seus verdadeiros donos, o longo de moitos anos ven sendo centro de explotación e asoballamento o pobo. Chegou u intre de que la entreguen e rindan contas. O POBO PIDE O QUE E SEU.

perfeuto do Codesás

INFORMACION PARROQUIAL

FORNELOS

Sendo José Ojea de Alxén, alcalde aficionado a facer camiños, que por iso lle chaman José dos Camiños, iste propuña moitas axudas que dempois non cumplia, pro como os os veciños xa empezaramos a facer traballos ainda que fora por amor proprio continuabamolos, ainda que nos conste «moitos sacrificios, iste foi o caso da pista de Fornelos a Leirado, pasando por Lourido e Sotolobre, a cal xa facia moitos anos que se viña pensando en abrir, e que cando se lle expuxo o José dos camiños mandoú mans a obra.

Nomeouse unha Xunta parroquial e mandouse vir un inxenieiro que coa participación da xente trazou o recorrido da debandita pista. Os veciños de Fornelos e Lourido traballamos hastra 20 dias de prestación personal, levando os nosos carros de bois e a nosa ferramenta; o chegar a Sotolobre non houbo maneira posible de tirar pra diante, entón acordamos nomear unha xunta en cada parroquia. En Fornelos i en Lourido non houbo problemas, pro o chegar a Sotolobre entón xa empezaron a intervir os caciques, como sempre, dandolle pra tras as obras que pretende realizar o pobo e decian que a iles non lle facia falla ningunha a pista. As obras tiveron que quedar novamente paradas.

Agora istes mesmos caciques, 4 chupatintas delimitaron a pista dende a extrema de Lourida a Leirado, craro está, fixerono a sua maneira e tratando de beneficiar-se todo o que podian sin pensar nos que perxudicaban.

O que non saben istes «Fulanos» e que ainda queda xente da comisión que fixo o proieuto, coa axuda de un profesional e o aprovamento polo pobo.

Querosmosille avisar; ainda que por disgracia moitos dos que istes «Fulanos» queren perxudicar no trazado, atopense em Francia, Alemania ou Suiza, que teñen eiqui moitos familiares pra defendelos, e ademais se non chegasen ístes, a parroquia enteira que xa non se vai deixar manexar mais polos que hastra agora nos chuparon ou viviron do conto do papeleo, tomaria cartas no asunto.

Entre Fornelos e Lourido temos unhas veigas moitos veciños das duas parroquias, chamanse as Mariñeiras Lodosas e as Fontenlas.

Sempre tiveron moi mal servicio de camiños, e pra solucionalo habia que romper unha presa que cerraba o camiño pro gando e moito mais pro carro; os propietarios vendo que isto era unha solución, trataron de arreglalo e nomearon unha xunta colaboradora. Unha das fincas pertenece o José Souto, pro naqueles tempos traballaba o seu fillo conocido polo «Chispa», falouse con iste ultimo e a contestación foi: «E un traballo ben feito, eu non podo axudar, pro pasarme a conta e son coma os demais».

Dempois de conquerir da Xenerosa da Doaña, que era a chave do asunto, que permitira tirarlle unha viña e pasar por terras dela e que dixo: «Si é pra beneficio de todos pareceme moi ben», xa se miraba o camiño casi terminado.

Pro non foi así, chegou o pai do «chispa», que xa antes fora a buscar a un «cutre» de mais mala entraña ca il, o Feliciano, e entre os dous dixeron que de alí pra diante non pasaban; craro o camiño deles xa estaba feito; mais tarde pasamos gracias o Xose de Marcelino que nos vendeu un anaco de terra e ainda que non é comodo vamos servindonos.

Estes dous trouxeron ao sitio o abogado Zuñiga, e como non habia papeles... pro non é de estrañar porque o Feliciano cambea tantas veces de chaqueta como dias ten o ano, así que cando era falangista aspiraba a un carrego e como non llo diron, xa falaba mal deles, facia naqueles tempos ir a todos os veciños a misa pois tiña moi boas amistades pra meter a calquera en follons.

Xa podemos mirar que crase de tipo é polo seguinte:

Cando o seu hirman, Mariano, atopouse mal, hipotecoulle todo pra levalo o hospital, e dempois quedouse el con todo e non lle deixou pros sobriños (os fillos de Mariano) nin unha chica do que era deles.

O Francisco de Bugarín, que quedou viudo con catro fillos, pra crialos tuvo necesidade de pedirlle un prestamo, en cima do capital que tiña. A nai do Francisco que ainda vivia daquela, pra que os netos non quedaran sin nada, foi a casa do Feliciano pra pagarlle, pro a muller que é tan boa coma el, e mirando que estaba cerca o dia de quedarse con todo, decialle sempre que o seu home non estaba.

Hastra que un bon dia a nai do Francisco decidiu chamar a catro homes, un dos cales era Jesús Pino de Corzans, colleu comida pro dia e foronse pra casa do tipo a que chegaron as catro da mañan, bon o asunto é que aquela hora sentaronse cada un nunha entrada esperando que o «fantasma» aparescera por algunha delas. Como non tibo mais remedio que presentarse dixoile: «O mundo camiña pra riba, e si queres que che dea o documento, tes que pagarme todo o que me debes e ademais darme o monte do CASTAÑAL en Soutolobre». A muller, xa entrada en anos e dempois de ser bulrada unha chea de veces, decidiu darlle o monte.

Eisí se fan, se fixeron e se faran, si o pobo non se orgaiza, unha chea de roubos, e tamen así medraron unha chea de caciques que convén moito que todos os coñozamos, pra escomenzar a que cada un teña polo menos o que lle perteñeza.

Agora o «Chispa» ten que facer o que lle manden na casa e o Feliciano co seu grande estomago, morre.

FONTENLA — Na parroquia de Fontenla no mes de Outono pasado, foi requerido polos veciños o alcalde Castro, pra arreglar o lavadeiro do Niñeiro do que se queren facer donos o galiña choca e o seu hirman o Gabiniño.

No debandito mes foi o alcalde a falar cos veciños, pra que lle espuxeran os problemas co lavadeiro.

Os veciños dixeronlle a Castro que os «Fariñas Blancas» foran os que derruiran o lavadeiro, i este dixolle os veciños que si facia falla que se leveria o notario. Como levaba o seu delineante «Pepito Costilleta», pra que os veciños viran que el era un «democrata» que facia o que o pobo lle pedia, e que as suas palabras non as levaba o vento, mandoulle que tomara medidas.

Dempois de todo isto mandou a unha comisión de veciños que pasara polo axuntamento, que el xa lle informaria de como andaban as cousas. Chegaron os veciños e perguntaronlle que era do lavadeiro e Pepito Castro dixolle que o plano que o tiña o «Costilleta» na Inmoviliaria Canedo. Chegaron a inmobiliaria e Costilleta dixolle si Castro estaba parbo que xa levaba o plano nas mans del polo menos un mes.

Os veciños que xa non se fiaban deste elemento marcharon pra casa pensando (e pensando moi ben) que xa os outros lle habian soltado uns centos de pesos, ou miles, pra que fixera a vista gorda e se esquencera.

Así que Castro ou arreglas o lavadeiro ou xa sabes como facemos os veciños da parroquia, teremos que sair loitando como cando foi o do butano e ista vez seguramente non vas a sair tan ben librado.

Firma: *Roxomé.*

SALCEDA DE CASELAS: Aconteceu fai moi poucos dias, unha muller da Vila foi a farmacia a mercar un xarabe que lle recetou o medico Sr. Abundio, decindolle que o axitara ben denantes de tomalo; a muller chegando a casa axitou o xarabe e tomou unha cucharadiña, cousa que por pouco faille botar as tripas, xa que o debandito medicamento que lle deran era nin mais nin menos que unha botella de CHAMPU.

Un consello Sr. Boticario: en primeiro lugar ten vostede a obriga de estar o frente da farmacia, e ademais o champú e pros cabelos, que nos sepamos xamais se utilizou pra gripe.

UN VECIÑO

No axuntamento de Salceda de Caselas, quedaron inhabilitadas as antiguas escolas eisistentes nos diferentes barrios ao escomenzar a funcionar a agrupación escolar. Os ditos locaes están ceibes e non se celebra cousa de ningún tipo n-eles.

O axuntamento fíxose cárrego de todo, e nos coidamos que llos deixarían husar aos veciños, pro por disgracia non aconteceu iso.

Pidiúselle mais de unha vez os locaes, concretamenteo o do barrio do Barreiro pra celebrar alí unhas reunións da Asociación de veciño e uns aitos culturaes, e decote foron denegados, unhas veces rotundamente e a última vez, o alcalde dixo que se fixera unha instancia solicitándoos e que xa se levaría pra ser aprobada ou non ao «pleno». Nunca mais se supo diso, nin deron contestación.

Está craro que a os caciques non lles interesa que a xente se reuna nin tampouco que teñan ningún tipo de información por medio de mesas informativas ou de otra crase de aitos, e non queren deixar os locaes.

É do noso deber, denunciar ista cacicallada e inxusticia i esixirlle ao alcalde que nos deixe as antiguas escolas pra que d-elas se beneficie todo o pobo en vez de deixar que se pudran ou que algún mestre dedíqueos a almacén de muebles husados.

CABREIRA. — O sabado 7 de Xaneiro coa eleución da xunta direutiva, quedou constituida a Asociación de Veciños «XERMEN». Ista Asociación creouse coa pretensión de solucionar os problemas mais urxentes da parroquia, asi como a de recabar do Axuntamento, melloras que deica agora non se viran por ningures.

esperamos que as demais parroquias sigan ista pauta, pra mellor reivindicacións dunha serie de necesidades basicas, asi como pra un mellor control por parte dos veciños da Adeministración Municipal.

Noticias de Pesqueiras

Os veciños de Pesqueiras pasamos a seguinte nota pra sua inclusión nese xornal:

«Vimos sofrindo, dende moitos anos polo denigrante servicio de correos esistente na parroquia, o retraso nas cartas de meses.

Isto é debido a que o «carteiro» (que diso non ten nada) dedícase a esperar que a xente vaia a sua tenda a buscar calquer tipo de alimentos e é enton cando aproveita pra darlles as cartas, e o que ten por costume ir a outra tenda calisqueira non se entera de si ten ou non correspondencia; eisí este «elemento» usa a cartería pra ter unha maior venta no seu negocio.

Queremos avisarche, José do Mouro, que tes unhas horas semanales pra facer o reparto das cartas, é ou o levas a cabo ou haberá que tomar outro tipo de medidas.

Os Veciños

Noticias de Vigo

O AXUNTAMENTO, UN VOLCAN

A suba do Vitrasa, o plán de ordeación do Calvario, o colexio Picacho e a triste presencia do escalestrix e mais do propio edificio do Axuntamento — xa ninguen se estreve a chamarlle Palacio Municipal — traen os vigueses adoecidos. O derradeiro Pleno acudiu moita xente, cando o alcalde Picher tomou a palabra foi interrumpido, asi mesmo a maioria dos concellales. Cando o Pleno aprobou a subida de nove a once ptas polo servicio de transportes pubricos da Empresa Vitrasa foi tal a bronca que se armou que fixo que se retirara a Corporación Municipal a outro departimento pra non aparecer dediante do pubrico que seguiu ali a espera durante mais de unha hora.

Reconocemos a postura brava do pubrico e a incompetencia de Corporación. A xente berra. DIMISION CORPORACION e PICHER CABRON, TRABALLA DE PEON.

LEIRADO

PILARA DO ABADE

unha dinastia parroquial

Esta parroquia e sin dubida a que ten o iglesario mais rico de toda diocisis de Tui. Con esta abadia tan rica o crego que xa ten é considerado como un mozo vinculeirio. Nun tempo ven a esta parroquia un crego que estuvo hastra que morreu, donde adicou mais tempo o xogo e o erotismo ca misas e rezos. Aquel crego escolleu pra ama unha moza — do barrio — forte e fermosa, traballadora e sumisa, cumprindo tudo canto lle mandaba o seu amo, pasou os anos da sua vida sin adequerir mais co titulo polo que era coñocida «Pilara do Abade». Pasados poucos anos chegaria a parroquia outro abade — cainda está, nos seus comenzos tentou someter os fraigueses a unha rixida dicipliña, pra el non habia mais deberes ca sua igrexa celebrandos a rexa taboa: xubileus, rosarios, misas antes de romper o dia, a estas soio asistia unha rapaza que escomenzaba a mirar pra sombra, chamada Pilara. Nos cataquesis o Sr. abade solia xogar coas raparigas, a pesar de ter xa unha edade venerable — sempre demostrando certas preferencias pola mais grandiña, a tal Pilara, nin se escondia das outras nenas pra medirlle os contornos, ainda hoxe se lembran cando lle dixo que lle estaban ancheando as caderas, que en verdade nunca lle deron moito de si. As madrugadas pra misa e estas garatuzas da medición, deron lugar a comentarios, polo que un familiar puxo reparos no asunto e reprendeuna, a Pilar deulle as queixas o seu direutor espritual, e iste levouna pra casa facendose tamen direutor corporal, segun a veciñanza ainda hoxe viven en conturbernio. O que si e certo é que esta Pilara non seguiu as costumes da sua tocaia, aquela traballaba arreo, e ista dende que entrou na abadia recibiu instrución e chegou a facerse co tiduo de maestra — ainda que un pouco serodia—e non se cansa de decilo, pra tudo excrama nos as maestras!. Os veciños conocena mais por Pilara do Abade que pola maestra, como se ve a dinastia sigue. Sabemos que os numeros anteriores da Voz do Condado foron moi atacados por esta licenciada, sentindose moi ferida polo que se decia dos mestres e cregos. Ela quer diferencia de crases: os intocables, e os asoballados. Temos a decirlle que está facendo o ridiculo presumindo de grandezas: baxillas de China, mantelerias inglesas e outras necedades que non veñen o caso. Asi como os seus tratos co abade non nos preocupan, en canto o ensino si, e pregamoslle non siga facendo estragos mentalizando tan mal os seus alunos con patochadas cimpronas.

Teriamos mais que decirlle, pro o noso degoro é, encamiñar ben a tantos corruptos pola infruencia dos corenta anos de poder franquista e clerical.

Radio Leirado

SAN LOURENZO DE OLIVEIRA

Temos a decir que Pepe Cochero ten chantada no centro da parroquia unha granxa de porcos que nos atufan co fedor. Iste propietario da porqueria proponse ter a escrusiva da venta dos porcos, pois manda anotar a matricula dos camions que venden porcos os dias de feira: O señor Cochero, e o pedaño posto polo cacique Castro, pois de mais de cen homes que hai na parroquia o Castro soio convocou a oito e cua asistencia de sete saiu este bo peixe. Os rapaces de San Lourenzo, teñen que desplazarse a escola a Santiago de Oliveira, o omnibus ven unha hora antes do debido e non lle da tempo a xantar. Iste coche debia de vir buscar os rapaces o centro da parroquia, pero non, teñen que ir collelo a fabrica de Guillermo Gil, outro cacique que ocupa a carretera coma si fose sua cos camions e o fenix cruzando a toda hora con madeira dun lado pro outro, correndo o perigro de que os nosos fillos sufran un accidente mentras collen o coche de servicio escolar.

Istes dous caciques aqui nomeados son ademiradores de Castro e por iso fan o que lle da a gana. O Guillerme abusa dos empregados e ameaza con despedilos si se afilian a certo sindicato, e outras cousas que xa iran saindo.

Veciños, temos que unirnos e facerlle frente a estes abusos, como vedes a un importalle os porcos e o outro os piñeiros, a parroquia e os rapaces pra esta cras de xente non contam.

Cipriano

A saude

Non se pode tolerar que se fagan plans de urbanización de pobos ou cidades nos que dominen os intreses de uns poucos a costa de crear unhas condicións de vida alienantes. Escasas zoas verdes, vivendas malas e aglomeradas, escasos servicios púbricos, ausencias de locais de recreo e culturais pranificación do trafico irracional e criminal...

Non nos deiemos explotar, nas fabricas que se monten ou que se montaron xa, permitindo:

— Horarios inadecuados.

— Condicións de traballo inseguras e perigrosas pra nosa integridade fisica.

— Ritmos explotadores de produción que conlevan a agotamentos fisicos e psiquicos, (enfermedades da mente).

Non nos deixemos engañar coa propaganda que diariamente lanzanos a radio, o televexo, a prensa, é que nos pretende condicionar no que debemos consumir e facer.

B) Conquerir un nivel de educación e cultura óptimo do pobo que lle permita defenderse na vida sin complexos nin frustacións.

Pra poder mellorar a nosa calidade de vida precisamos de un desenrolo cultural adecuado. Con iso conquerir tamen defendernos mellor dos manexos i engaños os que estamos sometidos moitas veces polos que foron «privilexiados da cultura» que con clara frecuencia coincide cos «caciques dos pobos».

Tamen teremos uns coñocimentos básicos de educación e cultura sanitaria que nos permita saber que cousas son boas e malas pra saude co ouxetivo de conservalla, de coñecimento de alimentación e de evitar os riscos pro noso corpo, faremos ao lonxe moito mais pola nosa saude, cos proprios medicos e os grandes e costosos hospitales modernos.

Ademais permitiranos uns niveles de autosuficiencia sanitaria pra evitar o depender excesivamente, pra todo o referente a saude, dos médicos e praiticantes.

C) Participación de todolos membros do pobo ou comunidade na xestión, desenrolo e goberno da comunidade.

Pra conquerir un adecuado nivel de Saude pra todos nós, e tendo en conta o hastra agora escribido, é necesario que participemos todos no seu desenrolo co úneco ouxetivo de que non nos engañen i exploten mais e de que as cousas se fagan pra todos e non pra beneficio duns poucos. Non basta con criticar e falar hai que participar e aportar solucións.

E perciso que en todalas parroquias esistan comités de Saude, formados por membros da mesma e personal sanitario (practicantes, medicos, veterinarios...) que se preocupen en desenrolar e potenciar a saude de toda a comunidade.

D) Conquerir uns mínimos recursos sanitarios a todolos niveis e distribuidos asegún as necessidades das distintas zoas.

Temos que conquerir cos recursos sanitarios (médicos, praiticantes, hospitales) non se acumulen nuns poucos lugares con esquecemento e abandono de grandes zoas como as rurales; ísto sucede en toda Galicia e concretamente na bisbarra do Condado.

Necesitanse equipos sanitarios formados por médicos, praiticantes e veterinarios por cada 1.500 habitantes nas zoas rurales, distribuidos uniformemente e que faga nunha laboura preventiva e de curación axeitadas. Deben ser membros de un Servicio Nacional de Saude con retirada progresiva da mediciña privada i esplotadora. Deben ser orgaizados de tal maneira que fagan guardias pra atención de enfermo grave e urxente, as 24 horas do dia.

Necesitanse pequenos consultorios e casas de saude de mediciña, pediatria e maternoloxia, distribuidos pola bisbarra pra atender ás necesidades básicas da poboación. Pra iso non se necesiatn de grandes medios nin de aparatos costosos. Poderían estar situados nos núcleos de poboación máis importantes e siñificativos.

Necesítanse centros de Saude, a nivel de bisbarra, que cumpran unha laboura preventiva, curativa e rehabilitadora da enfermedade en todalas súas facetas. Verdadeiros Centros de Saude controlados polo pobo e os traballadores da sanidade, que non señan meros espedidores de recetas, nin centros fríos e inhumáns a onde ir a morrer. Istes centros deben ter o redor de 100 camas pra enfermos, nenos é adultos, pra súa hospitalización e ademais un equipo de urxencias permanente.

Necesítanse uns medios de transporte adecuados e áxiles pra trasladar a aqueles enfermos que o percisen por presentar enfermedades que pra súa adecuada atención necesitan de medios hospitalarios mais sofisticados e que deben estar concentrados a nivel provincial ou Nacional Galego por razóns económicas e sanitarias.

Todos os recursos deben ser da coleitividade a traverso de un Servicio Nacional de Saude e deben funcionar armónica i escalonadamente.

ANTONIO SOTO CAMPOS

O ARREPENTIDO

hestório de unha alcaldia

aló estaban, formando parte dun equipo de espias mandado polo goberno franquista. O que se sabe que de praiticante non exercia, de peón tampouco que fixo o Campos en Francia?

O que si é certo é que o Campos chegou a poltrona Municipal de As Neves, é por aquilo de querer contentar os amigos, podiamos difinilo coma a un Xan Firmante, deixandose manexar de tal xeito que resulta un cacique postulante. Pro Antonio de Campos o da alcaldia non se lle fixo compricado, tudo era seguir as costumes dende o Salvador o Waldo, e pra iso conta cua colaboración do Tono de Camilo, un cacique executante que adeprendeu um pouco con cada cacique que pasou polo axuntamento, saindo un verdadeiro catedratico no arte de engañar e roubar o pobo.

O resultado está ahí: Escolas que soio deron bo resultado pro cacique que embolsou os miles de pesos, repoboación forestal de moitas hectareas que producen pra Icona, pros caciques oficiales e pra algun caciquiño pequeno que se lle presta o xogo, obras sin permiso e concesións de montes de veciños pra montar granxas, tudo comprado con uns banquetes e uns cafés. Asi foron pasando polo axuntamento enchendo o saco, o pobo sufrindo abusos e asoballamentos de todo tipo. O caciquismo debese ir decatando que isto toca o seu fin, os postos que ainda ocupan deben de abandonalos e deixarse de provocar o pobo que está cheo de pasarlle por verdadeiras atrocidades.

LUIS DE ENTRECINS

A EMIGRACION
os Galegos emigramos por necesidade

que o Estado e o Municipio non cumple coa sua obrigación como tal, a persoa vese desamparada i obrigada a emigrar; é decir, emigra por necesidade.

Entón podemos decir que a emigración é un feito que se produce por causas socio-económicas totalmente alleas a quen emigra.

En Galicia, a emigración é particularmente importante no agro, inda que tamén hai emigrantes procedentes das cidades. Estes últimos emigran por duas causas, porque non atopan traballo ou porque si o atopan non gañan o suficiente pra vivir con diñidade, ou é un traballo eventual, é decir, sin garantías de estabilidade.

— as esplotacións agrarias familiares son cativas.

— cultívanse en réximen de autoabastecimento, é decir, o que se cultiva é pra consumir pola propia familia, e apenas si queda un pequeno escedente pra comercializar dun xeito arcaico co fin de cubrir as necesidades monetarias pra mercar ferramentas de traballo, pagar a contribución, etc.

— practícase o policultivo, o cal conleva uns métodos de cultivo de moi escasa rentabilidade económica, e un forte emprego de forza de traballo con escasa productividade.

— as parcelas están moi desiminadas, o cal implica unha grande perda de tempo, e a imposibilidade de mecanizar a produción.

— a repoboación forestal mermou as posibilidades económicas do labrego, ao ter que desprenderse obrigatoriamente de cabezas de gando. Esta é unha das razóns pola que a produción de carne de vaca en Galicia baixou mais dun 20 %.

— O descenso de cabezas de gando por familia truxo como consecuencia ademais da perda económica, unha redución na produción de esterco (abono orgánico), e a necesidade de mercar abonos químicos aos monopolios a precios busivos.

— A falla de pastos abertos nos montes que se repoboaron, obrigou aos labregos que quixeron conservar algun gando a mercar piensos a precio de monopolio. Tanto nos abonos químicos como nos piensos fixeron as Américas os caciques das «Hermandades de ganaderos y labradores». Poñamos por exemplo, Represas «o Cebola.

— A cuota empresarial da «seguridad social agraria», que constituie un roubo descarado aos labregos galegos. Cómo é posible considerar empresario a un labrego con catro leiras que non lle dan pra comer?.

— A penetracion dos monopolios no campo constituie outro factor degradante da economía do labrego, pois mercalle os productos a baixo precio pra logo vender multiplicado por dous ou por tres. Poñamos como exemplo o leite, a carne, os pitos, etc. etc. Isto quere decir que o labrego esta traballando pros monopolios. I estas ganancias xa non volven ao campo pois quedan nas mans dos monopolios que amasan unha riqueza que tiña que revertir ao campo, que tan necesitado esta dela. E por si fora pouco ainda as «Autoridades» estan acabando coas feiras, inventando pestes que non hai ou especulando co chan donde se facían as feiras. Total unha vergoña! toda esta política caciquil que arruina aos labregos.

— O roubo que se lle fixo aos labregos dos montes veciñales despois da guerra civil. Destes montes sacaronse riquezas importantes das que en nada se aproveitaron os labregos.

— E non esquezamos as requisas que polos años corenta se lle fixron aos labregos. Este feito ademais da perda económica foi unha humillación, un roubo, e unha desmoralización pro labrego. Agora non se requisa, pelo quítaselle mais finamente, digamos con guante blanco.

Do conxunto de factores reseñanos, hainos económicos e políticos, e todos degradantes da vida económica, social, e moral do labrego. Pero quedan mais por reseñar e, que tamen teñen a su importancia. Por exemplo:

— A falla de servicios sanitarios e hospitalarios pra cuidar na parte que lle corresponde a saude da poboación labrega. Neste senso estivo, i está no abondono total, pois o que agora ten sigue sendo unha burla.

— A falla dunha estructura do ensino axeitada a realidade, o cal determiñou a esistencia de analfabetos; e si non hai mais, é porque os pais pagaronlle escola privada aos fillos. Quixeron remendar este irresponsable abandono cunhas concentración escolares, pero feitas dun xeito totalmente irracional. Os nenos menores de seis anos ainda non teñen escola hoxe, o que equivale a que leven xa inicialmente un retraso de dous anos respecto os nenos das vilas. Isto na vida do neno ten unha importancia que transcende moral e intelectualmente pro seu futuro e pro de toda sociedade.

Nunhas condicións como a que queda reseñada quén aguanta?. Os vellos resinanse, pero os mozos e mozas non. E a este paso, imonos atopar dentro de moi poucos anos que o campo galego quedará deserto. Xa esta acontecendo agora, sóio quedan vellos e nenos.

Nestes derradeiros anos a emigración centrouse principalmente en Europa. Despois da segunda guerra mundial, a socialdemocracia europea tiña que reconstruir a desfeita da guerra; pra elo botou man de italians, turcos, gregos, galegos etc.. Enton precisábase en Europa man de obra barata, i ésta importábase dos paises donde había fome. Ala fumos os galegos; primeiro dun xeito desorgaizado, pero logo, como a emigración era un bon negocio pro Estado Español, creouse o Instituto Español de emigración, que se encargoría de esportar seres humans como quen esporta carneiros. Deste xeito, a oligarquía dominante tiña controlados todos os emigrantes, pra que non lle escapara un duro de canto con enorme sacrificio e penalidades aforraban os emigrantes. Hastra percibía unha tasa por emigrante controlado como si fora o alquiler dun escravo.

Con eses cartos nevelábase a balanza de pagos, que se desequilibraba pola importación que facían os xerarcas capitalistas pro que eles chamaban «planes de desarollo». Agora preguntamos donde se invirtiron eses cartos?, porque o lóxico sería invertilos en industrias en Galicia pra ter un posto de traballo na nosa terra e poder voltar a ela si asi nos conviña, ou si as circunstancias nos obrigaban como agora está a pasar. Non señor, os xerarcas capitalistas colleron os cartos dos emigrantes (divisas) e invertironos fora de Galicia, e aquí nos trouxeron Celulosas de Pontevedra, Refinerías de Petróleo, etc. etc. industrias que apenas crean postos de traballo e que ademais estragan o noso chan.

Nos galegos, sempre abafados, debemos tomar consciencia de que soio nos co noso esforzo seremos capaces de cambiar o rumo da nosa hestoria de pobo oprimido e aldraxado, pero pra iso orgaicemos primeiro; sin orgaización nin pra nos nin pra ninguen haberá solución.

DN. MANUEL MARIÑO
modelo pra un alcalde

Despois seria trasladado a un penal de Lisboa-Monte Sirí. Pola sua condición de alcalde non foi devolto e entregado as autoridades franquistas, permitindolle que sairia nunha expedición por mar pra xuntarse o goberno que pertenecia. Estuvo en Barcelona, Reus, Tarragona e Madrí.

Na parroquia de Fiolledo, alá preto das almas de Gomaro, deixaba a sua dona e tres fillos, Xosé, Nater e Rudesinda. As portas da sua casa xa tiña chegado a camarilla de Pontevedra o mando do sanguinario Victor Lis, avudados polos seus simpatizantes da localidá fiqeron o saqueo total: unha xunta de bois, unha mula, unha cabra con dous cabirtos, o carro, o arado e a grade, a corda do carro e todolos apéros de labranza. O viño, aguardente e pinagre que tiña na adega, o que quedaba na salgadeira asi como os tres porcos vivos do cortello, a bicicleta do fillo, as camas de dormir e as roupas de vestir e de camas, o millo do canastro. Acabamos xa se decimos que ios deixaron cua roupa vestida. Victor Lis queria queimar a casa como viña facendo por todolos sitios que visitaba, pro esta salvouse cua intención de facer uso dela pra a lgunservicio oficial, ainda que isto nunca aconteceu.

Tudo canto habia naquela casa era producto do traballo de unha familia, nada fora roubado, era a casa dun labrador que chegara a ser alcalde elexido democraticamente. Mentras o resto da familia iva sobrevivindo con axudas desimuladas, o fillo mais vello, Xosé, foi chamado a quintas e levado a guerra, tomou de asistente un alferez e estaba contente con el. Un mal dia pediron informes a parroquia — como tiñan por norma — con tan mala sorte que o crego Dn. Jose Perez Redondo non estaba en casa, e fixeron de informadores Domingo Canquiñas e Perfeuto Alvarez Banco, conocido por Perfeuto do Sueido, cando o cura de Oleiros se enterou xa era tarde, e lamentouse. Co informe de estes dous malos veciños, Xosé Mariño seria metido nun calabozo de castigo donde morreu tisico.

Cando aconteceu a traxedia o alcalde Mariño xa pasaba dos sesenta anos, rematada a guerra, pasou a Francia e de ali foise pra Arxentina de donde voltou no ano 1.947 con 75 anos de edade. Alí no seu Fiolledo querido viviu hastra cumprir os noventa anos conque feneceu. Pasou 15 anos mudo, sin querer que io molestaran mais, a ditadura seguia sendo rixida, el dedicouse a cuidar as suas viñas e as suas terras cua axuda e o cariño dos seus, sin falar, pero remoendo na traxedia que lle fixeron pasar por ser un alcalde do pobo e pro pobo.

Manuel Mariño — modelo pra un alcalde — foi enterrado na seu curruncho natal, sin esquelas, sin honras de ningunha cras, estaba prohibido honrar a un alcalde republican, o seu pasamento foi silandeiro.

Hoxe en San Paio de Fiolledo, os paxariños cantan ceibemente o arredor da sua tumba, o Sol e a Lua alumeanan como fachos alcendidos pra un tempo novo. Alí xace sin cargos, Manuel Mariño, modelo pra un alcalde.

Estebanillo Gonzalez

Loitas Populares no Pais

PONTECESO (A Cruña)

Opoñemonos a Celulosa porque non crea postos de traballo e daña os que xa existen

Esto é o que din os veciños da comarca de Bergantiños que se opoñen a instalación dunha celulosa en Ponteceso. Entidades de toda a comarca entre as que se alcontran Cofradias de Pescadores, Cooperativas do Campo, Asociacións Gandeiras, Axuntamentos, Sindicatos Pesqueiros, e Asociacións de Veciños, demonstraron xa a sua oposición ao proxecto que unecamente eu unecamente conta co apoio do Axuntamento de Ponteceso e maila «Hermandad de Labradores y Ganaderos» (Oficialmente desaparecida).

Os afectados trataron de entrevistarse co alcalde de Ponteceso pero este non acedeu. Enviaronlle tamén unha carta a Asamblea de Parlamentarios no mes de Outono, pra que se definira sobor do tema e ainda están esperando a que se definan.

De ser finalmente aprobada a instalación, esta celulosa estaría situada a dous Kms do centro de Ponteceso, ademais terían que desaparecer varias casas e dous colexios de E. X. B. aparte de levarse as millores terras do Val de Pondal.

Por si fora pouco, o proceso de fabricación de pasta de papel «craft» ao sulfato que se tan pensado instalar alí, xa ten sido rechazado en boa parte dos paises europeos e nalgúns está rigurosamente prohibido, xa que os residuos altamente contaminantes depositanse no fondo da ria acabando cos peixes e plantas marinas. Isto afecta directamente a unhas duas mil persoas que viven do mar e da agricultura e indirectamente a toda a zona.

A vista de todo isto, os veciños a defender por todolos medios o seu mar e a sua terra.

VIGO

As mulleres manifestaronse contra as violacions

Convocada pola Asociación Galega da Muller (A.G.M.), celebrouse fai uns dias nesta cidade unha manifestación dunhas 1.500 persoas pra protestar contra as violacións, a raiz de que dous individuos violaran a tres nenas de 4, 6 e 8 anos. Unha das pancartas que portaban as feministas decía: «Non queremos andar con medo pola rua. Xuntémonos pra cambear a sociedade».

CELANOVA (Ourense)

os labregos reivindican un precio xusto pro leite

Unhos tre mil labregos das comarcas de Celanova e Bande, concentrarónse o domingo 15 de Xaneiro no campo de futbol de Celanova pra esixir un precio xusto pro leite, cese de importacións e outras medidas recollidas nunha taboa reivindicativa. Esta concentración fora convocada polo «SAGA».

Os representantes das dintintas parroquias portaban bandeiras galegas e pancartas alusivas o caciquismo e reclamo dun precio xusto pro leite.

XINZO DE LIMIA

Venda de pataca sin intermediarios

Os labregos da comarca do Limia teñen problemas coa comercialización da pataca, xa que os intermediarios (grandes almacenistas), non lle ofrecen un precio que cubra minimamente os costos, polo que decidiron comercializala pola sua conta, vendendoa directamente aos consumidores como teñen feito nos mercados de Pontevedra e Vigo.

LUGO

O 4 de Nadal contra a cuota empresarial

Mais de 5.000 labregos de toda a provincia manifestaronse cos seus tractores estacionados nas salidas de todolos nucleos de poboación, chegando nalgúns lugares a obstaculizar o trafico, pra manifestar unha vez mais a sua disconformidá coa Suota Empresarial.

A convocatoria destas concentracións de tractores fora feita polo Sindicato Labrego Galego.

PORTODEMOUROS

10 anos de loita por unha ponte

Seguindo na sua loita pra que Fenosa lles construia unha ponte sobro do embalse de Portodemouros, veciños das parroquias de Loño, Arnego, Lázaro, Tuiriz, Agra, Brocos, Sexo, Beigondo, Vilasantoña, Maroxo, Viños, Troncesa e Dombodán que están arredor do embalse, fai unhas semáns pechronse nas salas de máquinas do embalse e queimaron leña verde e neumaticos no interior, que o producir gran cantidade de fume provocou que Fenosa estivera a punto de parar o funcionamento da maquinaria do salto.

A primeiros de xaneiro unha representación dos veciños das parroquias afectadas e citadas antes, entrevitaronse co Gobernador Civil da Provincia de Pontevedra, plantexandolle as suas reivindicacións, que se concretan en: tres pontes sobor do embalse, xa que antes tiñan 9 e agora ningunha, facendo que as distancia entre as parroquias de un e outro lado do embalse seña agora de 25 a 30 Kms. cousa que antes non pasaba de 6 Kms., bonificación do 50 por cento das tarifas eleutricas, luz gratis pros centros culturales, enganche gratuito as casas que non teñen luz, 180 puntos de luz pública, etec.

Por si foran poucos os problemas de comunicacións que teñen, Haciendo aindalles sigue pasando so recibos de contribución das terras anegadas polo embalse.

A unión dos veciños das parroquias afectadas é agora moi forte, polo que de seguir así de seguro que conquerirán as suas reivindicacións.

NAVIA DE SUARNA (Lugo)

Os veciños opoñense o embalse

Dende o ano 1.939, os veciños de Navia de Suarna teñen sobor das suas cabezas a pesadilla da construción dun gran embalse hidroeleutrico «Gran Suarna», que anegaría a capital do municipio, Poboa de Navia e outras parroquias ribeireñas, partindo o axuntamento pola mitade. Derradeiramente polas declaracións feitas polo alcalde e un senador de UCD por Lugo tense posto de actualidade a posibilidade de levar a cabo o embalse, que dende que rematou a guerra ten limitado todo posible desenrolo na zona como o demostra que a gasolineira que queda mais cerca do municipio está a 30 Kms.

Os veciños xa se opuxeron rotundamente a través da Comisión Informativa de Veciños de Navia de Suarna, que é a sua Comisión representativa e hasta agora o axuntamento parece que quere inorar a opinión de todo o pobo de Navia. A pesar de todo os veciños siguen firmes na sua postura.

CARIÑO (A Cruña)

Toda unha leicion de union na loita

Durante os dias 9, 10 e 11 de xaneiro, o pobo de Cariño permaneceu totalmente paralizado, a flota pesqueira, as fábricas, os bares, etec. todo pechado, solo as tendas de alimentaciónabrirón unha hora o dia; todo isto pra conseguir que o Instituto deBachillerato sea construido en Ponte Mera, que é o centro xeográfico e demografico da zoa de Origueira, polo cal xa se manifestaran unhas 4.000 persoas en Cariño no mes de Nadal, e agora o dia 9 fixeronno na Cruña, quedando no pobo unecamente os vellos e os nenos, conseguindo que unha comisión se entrevistase co Gobernador Civil e posteriormente co Ministro de Educación e Cencia, pois mentras non conseguirón a resolución do problema, o pobo permaneceu en paro total, dando unha mainifica leición de unión i exempro de loita. Asi se forxa a historia dos pobos que loitan pola sua liberación.

Segue a loita contra a Autopista

Agresións a teinicos da Autopista en Salcedo, piquetes de afectados no tramo Guisamo A Barcala que obligan a paralizar as obras nun principio ainda que despois coa presencia da forza pública con efectivos antiditurbios rodeando aos obreiros pra que os veciños non poidan paralizar os seus traballos, a obra sigue adiante, o dia 6 de Febreiro, un veciño resulta ferido ao poñerse un grupo deles diante dunha pala que intentaba traballar. Incendian o almacen e o comedor dunha concesionaria da Autopista na Barcala, no mesmo tramo queiman os encofrados dun pilar de hormigón. A raiz disto son detidas 5 persoas na Barcala, os veciños están dispostos a seguir deica o final pola defensa das suas terras, xa que o que fai a autopista é dividir os pobos, deixar sin camiños, regos de augas, etc. as terras dos labregos, e por enriba as terras expropiadas paganllas a uns precios de miseria. A vez que sucedia todo esto, Autopistas do Atlantico levaba a pasear polas autopistas de Europa a un grupo de periodistas, desta maneira os periodicos porán o que Autopistas queira.

INFORMACION PARROQUIAL

As Asociacions de Veciños

Queremos facer un pequeno estudo, pra que todos sepamos, que é, como é e pra que sirven as Asociacions de Veciños:

— As Asociacions de Veciños son unhas orgaizacions cidadans e democraticas, cuios fins son o estudo e consideracións dos problemas que afecten as vilas e parroquias, e facer presión onde e como seña preciso pra que os asuntos se resolvan a satisfaución do Pobo, coidando que sempre fará mais forza a voz unida de todos os veciños, que as protestas ou críticas que se fagan individualmente.

— As Asociacions de Veciños, son orgaizacions democraticas e apartidarias, abertas a toda persoa sen descriminacion de opinions ideoloxicas ou politicas; o cal non quer decir que sexa apolitica; ten que se pronunciar a favor de todo canto sexa en beneficio do Pobo e contra das medidas politicas que recorten a libertade do Pobo, pra desenrolarse como mais lle conveña. Han de ser solidarias con outras orgaizacions cidadans ou populares.

— Un feito importante das Asociacions de Veciños, e manter xunguidos os veciños, xa non solo pra esixir que se resolvan os problemas do momento, que os hai, senon que o estar xa orgaizados supón forte ventaxa pra facer frente a calquer asunto que poida surxir.

Por todo o antedito queremos facer un chamamento a todos os veciños do Condado pra que se empecen a promover Asociacions de Veciños en cada Vila i en cada Parroquia co fin de que non nos poidan seguir engañando, e no caso de que o intenten, estas orgaizacions xuntas podran sacarnos sempre pra diante e resolver os problemas e beneficio do Pobo.

MEDER

Os cazadores de esta parroquia mandan unha nota de queixa contra o seu paisán Dn. Antonio Pazos Gonzalez, autual cura de Moreira. Dicen os cazadores que o devandito crego-acompañado por un tal Ramón — o derradeiro dia de caza visitou a sua parroquia natal, provistos de furón, e non deixaron un solo coello nos tobales do Casal Outeiro e Bouzo.

Temos a decirlle a esta cras de cazadores que non lle van valer as suas amistades. Fai dias foi xurgado e castigado Paquito Franco — neto do Caudillo — por cazador furtivo. Dadas as continuas queixas que chegan a nos sobor do Sr. Cura de Moreira, pregamoslle que millore a sua conduta, pois estamos vendo como cambia a ley de Deos pola ley do funil.

A HERMIDA (Pias)

Os veciños da Hermida en Pias protestan porque os nenos que ali viven teñen que ir en taxi a escola a Mondariz Balneario, mentras que a parroquia pertenece ao auxuntamento de Ponteareas, haber a Xunta parroquial de Pias co Sr. «Fangio» o frente que fai que non se preocupa de que suba o autobus hasta a Hermida a buscalos rapaces.

GULANS • cen anos de musica

A banda Popular de Gulans cumpriu o centenario da sua fundación. Cen anos alegrando a bisbarra con doces notas musicais e cumprindo contratos por moitas festas e romerias. Cen anos polos que foron pasando grandes musicos, herdando de unhas xeneracions as outras instrumentos e leucións, conservando con ledicia unha agrupación que nos degoramos eviterna. Os homes de Gulans alternan o traballo do agro cua praitica no arte da música, dous oficios nobres que lle van dando pra vivir.

As hortas e pomares, as viñas e as veigas de millo, son cuidadas por estes músicos-labregos ou labregos-músicos, cua faciana curtida por moitos soles e as mans encallecicdas polos apéros de labranza. Xente ennobrecida polo traballo e a música, labregos de alma tenra e musical que sosteñen unha fundación centenaria co seu esforzo.

Sentimos un profundo respeto por aqueles homes que un dia do ano 1.877 fundaron a música de Gulans, e por todos aqueles que os foron sucedendo. A nosa felicitación os que a compoñen neste intre, polo ben que grabaron o primeiro disco LP. con unha ducia de obras galegas, donde non falta o noso Hino Nacional Galego pra que cada dia sean mais os que poidan escoitar as letras do poeta Pondal nas notas da Banda de Gulans con música de Pascual Veiga.

Gulans, berce de grandes músicos, terra de hortas e viñedos, o longo destes cen anos, moitos homes volven a ti na madrugada despois de amenizar festas e romerias, a sua espera, o carro io arado, un dia de sementeira, de sega ou de vendima.

Canta hestoria feita en cen anos! Dende que:

Na parroquia de Gulans
andan voando as corcheas,
das encallecidas mans
traballadoras das terras.

R. Soutullo

Escultura articulada

O escultor Silverio Rivas ten un lugar moi honroso na escultura española, a obra deste galego-artista ou de este artista-galego — pois Silverio ten moito das duas cousas — esta realizada en ceramica, bronce, madeira e poliéster. Penso que Silverio é un escultor moderno, avanzando, por outra banda, algunhas das suas obras transpoñenme ao orixen, alcontrolle certa semellanza as pinturas do artista Antón Abreu. Esa escultura articulada de Silverio pode ser unha infruencia das pedras de Arcos e da Picaraña, que se moven misteriosamente e que estan intuindo no seu arte sin que el mesmo se decate. Pois Silverio naceu na parroquia de Fontenla e criouse hastra os sete anos, tempo dabondo pra gardar na sua ialma de artista as lediciosas lembranzas da sua nenez.

Nestas nosas terras do Condado danse cousas curiosas! Cousas veredes.!

Xoán de Canedo

Ceramica popular

Na parroquia de Meder está unha das poucas ceramicas que van quedando en Galicia. Iste arte, ista cultura tradicional popular correu o risco de desaparecer, os metales e o plastico caseque chegaron a derribala. Agora leva un camiño de verdadeiro rexurdimento, xa non e só a tarteira, a cazola, o xerro e a cunca. Fanse tamen ouxetos de adorno e lembranza.

O artesán Anón — que polo apellido antoxaseme un poeta da ceramica — igual fai un alambique de adorno que un demo de barro, un asador pra chourizos, un xogo pra facer e servir a ritual queimada, cinceiros é canecos de toda figura .Alí no barrio da Serradela, está un artista sacudindo o pe no pedal pra que circule a roda de madeira, os dedos axiles dan formas insospeitadas a masa de barro. Demos valor as nosas tradicións tan variadas.

Galicia, levantate e anda.

Adrián do Condado

Mais bufonadas

A iñorancia dende logo non ten límites, é un dito moi popular que lle ven a medida o «Prohombre de la Hermandad de Labradores y Ganaderos» de Salceda: O cacique Jaime. Ao leer a sua propia hestoria, falcatrueira, rastreira e ladroeira no noso denanterior numero astreveuse a decirlle a alguns veciños:

«La Voz del Condado» me hace un gran favor, puesto que creo que es todo un merito pasar de pequeño a gran cacique, además aún no lo saben todo pués se equivocaron en lo del sueldo que no son 75.000 pts. porque tengo aparte 24.000 pts. por ser la matrona del ayuntamiento».

O que non nos explicamos é como a xente que lle escoitou isto non lle partiu a boca, pois roubarlle ao pobo e logo reirse dil nas propias narices xa nos paresce inaguantable.

Total nada: 100.000 pts. de soldo e a seguir chupando — Si Señores! Isto mais que bufonadas nos chamariamoslle babosadas!

NOTAS SIN COMENTARIOS

No club siglo XXI, o seu presidente Antonio Guerrero Burgos e Dn Emilio Romero, trataronse muy mal de palabra. Ambos os dous son moi conocidos no Madrid politico de hastra agora.

En Barcelona foi descuberta unha estafa de 1.500 millons de pesetas, responsable Juán Carlos Muntadás Prim, fillo do Conde de Reus. Parece ser que o fillo do Conde esta nun pais iñorado e as pesetas en Suiza.

CORDOBA. No domicilio de Dn. Juán Melendez-Valdés xefe provincial de FUERZA NUEVA, foron alcontrados tres fusiles ametralladoras, un «Mauser» e varios cargadores. O Xuez de Cordoba ordeou o seu ingreso en prisión. Fuerza Nueva, Guerrilleros de Cristo Rey e o Juan, son a mesma familia con moitos parentes en Alianza Popular.

VIGO. Na ria afundiuse o barco MARBEL e perderon a vida o arredor de trinta persoas. O porto de Vigo carece de remolcador tan necesario en estes casos. As chamadas de socorro non está craro que fosen escoitadas direutamente.

Foron recibidos telegramas de condolencia do Goberno. O Ministro de Transportes ven a Vigo a escoitar unha misa polo eterno descanso dos afogados, pasando en Vigo un total de duas horas. Nos pedimos o rezo de un Painoso polos mortos, un remolcador pra o porto de Vigo e mais responsabilidade pra todos aqueles que atendan a servicios que o seu fallo poida custar vidas.

Gundisalvo

Aviso os Labregos

Os caciques que sempre dirixiron as «Hermandades de labradores y Ganaderos» e os Sindicatos, usandoos soio i escrusivamente pro seu servicio a pesares de estar sostidos cos cartos de todos nos, tambaleanse nos seus postos.

Agora intentan amarrarse o sillón que ocupan e pra eso tratan de montar as CAMARAS AGRARIAS e os SINDICATOS AMARELOS, dirixidos polos coñecidos caciques da Bisbarra, Antonio Castro, de Ponteareas, Alfonso Hernandez de Arbo, Jaime de Salceda, Jose Represas «O Cebola», etc. etc.

Os unecos Sindicatos labregos que hastra agora coñocemos son comision labregas e comisions campesiñas.

Compañeiros labregos, teñamos a vista ben aberta, pois xa vai sendo hora de que istes elementos vaian dirixir as saus casas si e que lle deixan, e pra iso temos que botalos fora e non participar con iles no que pretenden crear, que non é mais que pra seguirnos roubando, e ademais que nos deixen a nós construir o noso sindicato, pois sabemos moito millor que iles o que necesitamos pra defender os nosos intereses.

Non podemos permitir, que coa sua politica rastrera e feixista, orgaicen de novo esas Casas do Pobo na contra dos intereses dos crases Populares.

LABREGO:

NON AS CAMARAS AGRARIAS!

NON OS SINDICATOS AMARELOS!

AS CASAS DO POBO, QUE SE DEVOLVAN O POBO!

FORA COS LADRONS DE TANTOS ANOS, QUE O UNICO QUE FIXERON FOI ARRUINARNOS!

un labrego. —

Falando coa morte

O home liberal, ben concenciado, non teme a morte, encarase con ela, falalle como a un amigo e recibea cando lle chega con enteireza e serenidá, moitas veces tiña pensado nela, xa son vellos amigos.

O cacique, o feixista ditador é inquisidor, non pensa na morte, non sabe falarlle, non sabe recibila si tuvera algun conocimento sobre o caso, respeitaria de outro xeito a vida dos demais.

Mañan cando morra

SI MORRERA DE MORTE NATURAL
ESTAREI NUN PEQUENO CIMENTERIO,
'A QUEN ALI FROLES ME LEVARE
FONDAMENTE TEREI DE AGRADECERLLO.

SI MORRERA FORA DE GALICIA
'ALA LONXE. MOI LONXE NO DESTERRO,
NON HABRA TERRA PRA CUBRIRME
E VIREI BUSCAR, UNHA POUCA A CADA EIDO.

NO CASO CA HESTORIA SE REPITA
DE MATAR NAZONALISTAS, E ASESIÑADO MORRO,
QUE NINGUEN CHORE, NIN VAIA O MEU ALCONTRO,
ANDAREI REVOANDO POR GALICIA
E PEDINDO LIBERTADE PRO MEU POBO!!

UN NAZONALISTA